

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES ILLA DE ONS
CURSO: 2º ESO
MATERIA: MÚSICA
DEPARTAMENTO: MÚSICA
DATA: 6 MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.	Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical.
Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; e claves de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
Identificar e describir os instrumentos e as súas agrupacións.	Diferencia as sonoridades das familias dos instrumentos da orquestra
Valorar o silencio como condición previa e necesaria para a interpretación e audición	.Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores.	Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas realiza unha revisión crítica desas producións.
Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.	Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.
	Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.
	Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Recollida da información referida ó alumnado, tanto da súa conectividade ás clases, como da súa participación e implicación no desenvolvemento das mesmas. Ademáis, faise un seguemento das actividades realizadas, entregadas e detalladas nas aplicacións correspondentes, establecidas previamente co alumnado.
	Instrumentos: Informáticos, coas aplicacións Meet para a realización de clases virtuais; e Classroom para o seguemento e especificación de todas as tarefas enviadas e que teñen que ser realizadas polo alumnado.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Terase en conta as notas numéricas da primeira e segunda avaliaciós; e contarase de xeito positivo, todo o traballo desenvolvido durante a terceira.
Proba extraordinaria de setembro	A proba de setembro constará dunha serie de exercicios moi similares ós das probas desenvolvidas e traballadas ó longo do curso, tratadas na primeira e segunda avaliaciós e reforzadas na terceira.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Non hai alumnos con materia pendente
	Criterios de cualificación: Non hai alumnos con materia pendente
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non hai alumnos con materia pendente

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Na terceira avaliación, estanse levando a cabo una serie de actividades que intentan recoller, de xeito máis global posible, o repaso e reforzo de todos aqueles contidos, tanto teóricos como prácticos, vistos das avaliacións anteriores. Nalgún caso moi puntual, poderase ampliar algunha parte dos contidos, sempre que axuden a reforzar e estean relacionados co impartido nas avaliacións anteriores. No caso de alumnos que necesiten recuperar algunha das avaliacións anteriores, enviarase individualmente unha serie de tarefas a entregar puntualmente nas datas indicadas por parte do profesor, para, no seu caso, poder recuperarse.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía levada a cabo na terceira avaliación, é fundamentalmente telemática, para reforzar contidos, aclarar dúbidas e explicar as tarefas a desenvolver. Haberá clases por videoconferencia e todas as actividades serán detalladas, explicadas e entregadas mediante as aplicacións informáticas previamente establecidas co alumnado. Farase un seguemento de ambas cousas. Aqueles alumnos que non tivesen conectividade, por mediación do seu titor e familia correspondentes, enviaríase por correo ordinario todo o material necesario e manteríase contacto telefónico semanalmente con todo aquel alumnado afectado.
Materiais e recursos	<p>Explicación, repaso e reforzo dos contidos tratados mediante as clases.</p> <p>Envío de apuntes para reforzar e repasar os bloques tratados, nos casos necesarios.</p> <p>Envío dunha webgrafía, con recursos telemáticos para desenvolver actividades de interese para o alumnado.</p> <p>Envío de exercicios de repaso e reforzo</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O procedemento que se emprega para informar ó alumnado é fundamentalmente telemático, no desenvolvemento das clases por videoconferencia; así como a especificación de tarefas e seguemento das mesmas mediante Classroom. A través do seguemento semanal de asistencia e entrega de tarefas, infórmase directamente ós titores que fan chegar ó alumnado e as súas familias, a información directa correspondente a cada alumno.
Publicidade	A través da web do centro